

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI) NO CURSO 2025-26

A Universidade de Vigo que, como institución elixible trala obtención da *Erasmus+ Charter for Higher Education* (ECHE) pode participar no programa Erasmus+, asinou un convenio de subvención co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) para financiar as mobilidades de estudantes, docentes e persoal de administración e servizos do programa Erasmus+ acción KA 131 no cadro do proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000225058¹.

En virtude deste convenio de subvención e dos convenios Erasmus+ asinados pola Universidade de Vigo con outras institucións de ensino superior participantes no programa, e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar prazas en réxime de concorrencia competitiva para participar no programa Erasmus+ KA131 no curso 2025-26 de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I e coa relación de prazas ofertadas no anexo II. Permítese a solicitude de destinos e áreas que non aparezan na oferta de prazas do anexo II se se solicitan países extracomunitarios.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e das bases que a regulan, no taboleiro electrónico da [sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR
Por Delegación, R.R. di 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Internacionalización

María Isabel del Pozo Triviño

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

ANEXO I
BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE MOBILIDADE DE PERSOAL DOCENTE E
INVESTIGADOR (PDI) NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS + ACCIÓN KA131.
CURSO 2025-26

1. OBXECTO

A acción Erasmus KA131 para mobilidade de persoal ten por obxecto permitir ao persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo a realización de estadias para:

- Impartir docencia nunha universidade participante no programa Erasmus+ dentro dun programa de estudos conducente á obtención dun título oficial na universidade receptora.
- Incrementar a capacitación profesional do persoal da Universidade de Vigo, permitindo o coñecemento doutras institucións de ensino superior, dos seus procedementos de actuación e das súas formas de organización e fomentando o intercambio de coñecementos técnicos e experiencias sobre métodos pedagóxicos, deseño curricular innovador e capacidades dixitais.
- Internacionalizar o contido dos estudos que ofrece a Universidade de Vigo debido á experiencia internacional do seu profesorado e ofrecer ao estudiantado que non participe en programas de mobilidade a posibilidade de beneficiarse do coñecemento e experiencia docente doutros países.
- Consolidar os vínculos entre as universidades socias e intercambiar boas prácticas.
- Mellorar as competencias lingüísticas.

2. REQUISITOS

- a) Ter a condición de persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo incluídas as figuras dos programas de Recursos Humanos de Investigación. ou ter a condición de ser persoal adscrito á Universidade de Vigo ao amparo do decreto 64/2016, do 26 de maio (DOG do 14/06/2016). Esta relación deberá manterse durante a realización da estadia.

Enténdese por Programas de Recursos Humanos de Investigación os seguintes: **Programa ATRAE, axudas Beatriz Galindo, axudas Ramón y Cajal, axudas posdoutorais da Xunta de Galicia, Programa de Retención de Talento da Universidade de Vigo, axudas Juan de la Cierva e os programas de axudas predoutorais** incluídas as axudas propias.

- a) Non poderán obter a condición de beneficiarias da bolsa Erasmus+ as persoas nas quen conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións como declaran na solicitude de participación nesta convocatoria.

3. MODALIDADES DAS ESTADÍAS

As estadias poderán realizarse en dúas modalidades:

3.1. Estadia con fins docentes (*Staff Mobility for Teaching Assignment, STA*):

Deberá xustificarse un mínimo de **oito horas** de docencia impartidas entre os dous e os cinco días de traballo financiados. As materias impartidas na universidade de acollida deberán formar parte dun programa de estudos conducente a un título oficial nesa institución.

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Existe a posibilidade de realizar unha **estadía docente combinada cunha actividade formativa** na que deberanse xustificar un mínimo de **catro horas** de docencia máis a participación nunha actividade formativa **específica en competencias relacionadas con deseño pedagógico e/ou curricular**. A proposta de actividade formativa deberá detallarse coa solicitude e xustificarse ao final da estadía cunha certificación específica.

Para a realización dunha estadía docente é obrigatoria a existencia dun convenio bilateral asinado entre a Universidade de Vigo e a universidade de acollida para a realización da actividade de docencia (STA) na área correspondente.

3.2. Estadía con fins de formación (*Staff Mobility for Training, STT*):

Esta modalidade inclúe actividades formativas que poderán levarse a cabo tanto en institucións de ensino superior como en empresas.

Neste opción, non é necesaria a existencia dun convenio previo entre a Universidade de Vigo e a institución/empresa de acollida.

A solicitude deberá incluír información detallada da acción formativa.

4. DURACIÓN DAS ESTADÍAS

A duración mínima da estadía financiada será de **dous días**, que deberán ser **consecutivos** e máxima de **cinco días** sen contar os días de viaxe nin os festivos.

Financiaranse dous días de viaxe adicionais, de ser necesario, para o desprazamento de ida e volta á universidade ou empresa de acollida. No caso de que estes desprazamentos se realicen nun medio de transporte ecolóxico, poderanse financiar adicionalmente ata catro días máis, segundo se explica no punto 5.1 destas bases.

O período de estadía deberá coincidir co período lectivo na universidade de destino.

Esta acción **non pode utilizarse para a asistencia a congresos e conferencias nin a cursos de idiomas**.

Non se contabilizarán como días de traballo, docencia ou formación, os sábados nin os domingos salvo confirmación expresa da institución de destino asinada polo coordinador institucional Erasmus.

Todas as estadías deberán realizarse entre o **1 de setembro de 2025 e 10 de xullo de 2026** para o que se establece o prazo de presentación de solicitudes que se detallan no punto 6 desta convocatoria.

5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A concesión das bolsas queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado é suficiente para financiar as obrigas derivadas desta convocatoria no exercicio correspondente.

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **76.887 €** en dúas anualidades para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito:

- En 2025, na aplicación orzamentaria 2025 00IN 121DERA 48101 un total de **30.000 €**.
- En 2026, na aplicación orzamentaria 2026 00IN 121DERA 48101 un total de **46.887 €**.

Este importe pode ampliarse dado que existe a posibilidade, en caso de necesidade, de que o financiamento do SEPIE supere o crédito retido para esta convocatoria ou pola posibilidade de

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

transferir a esta partida de bolsas fondos doutras partidas establecidas no convenio de subvención asinado pola Universidade de Vigo e SEPIE. O incremento do crédito nas condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, permite fixar unha contía adicional que queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á aprobación previa da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no [Portal de bolsas](#), con carácter previo á resolución de concesión sen que tal publicación implique a apertura dun prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

5.1. As axudas Erasmus+ están financiadas con fondos da Comisión Europea. Compóñense dunha axuda de viaxe e dunha axuda individual segundo as seguintes táboas:

AXUDA DE VIAXE

DISTANCIA DE VIAXE	En caso de viaxe non ecolóxica	En caso de viaxe ecolóxica*
Entre 10 e 99 Km.	28 € por participante	56 € por participante
Entre 100 e 499 Km.	211 € por participante	285 € por participante
Entre 500 e 1999 Km.	309 € por participante	417 € por participante
Entre 2000 e 2999 Km.	395 € por participante	535 € por participante
Entre 3000 e 3999 Km.	580 € por participante	785 € por participante
Entre 4000 e 7999 Km.	1.188 € por participante	1.188 € por participante
8000 Km. ou máis	1.735 € por participante	1.735 € por participante

*Considérase viaxe ecolóxica o desprazamento nas súas viaxes **de ida e volta** nun medio de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (autobús, tren ou automóbil compartido con outras persoas beneficiarias da bolsa). Para percibir esta axuda, o PDI deberá confirmalo antes do inicio da estadia pois deberá estar reflectido no convenio de subvención e achegar ao final da estadia nun único documento PDF unha declaración xurada e os xustificantes (billetes de tren ou autobús)

No caso de realizar máis dunha estadia, unha a continuación da outra, sen regresar á Universidade de Vigo tras realizar a primeira estadia, o importe da axuda de viaxe pode variar. A persoa beneficiaria deberá informar á ORI coa debida anticipación para modificar o importe da axuda adxudicada de ser necesario.

Para calcular a distancia en quilómetros dende o posto de traballo ata a cidade de destino, empregarase a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, dispoñible na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm.

APOIO INDIVIDUAL PARA A MOBILIDADE FÍSICA

Importes por día de traballo, docencia e/ou formación (5 días máximo) e dous días de viaxe máximo, 4 días adicionais no caso de viaxe ecolóxica, segundo o país de destino :

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

GRUPO	PAÍSES	BOLSA ERASMUS+
GRUPO 1	Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos e Suecia Rexións 13 e 14: Andorra, Estado de la Ciudad del Vaticano, Mónaco, San Marino, illas Feroe, Reino Unido e Suíza	140 € /día
GRUPO 2	Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal e República Checa	125 € /día
GRUPO 3	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia e Turquía	110 € /día
TERCEIROS PAÍSES NON ASOCIADOS AO PROGRAMA	Resto de países extracomunitarios	190 € /día

5.3 As axudas Erasmus+ estarán suxeitas á retención do IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

O pagamento das axudas farase en dous prazos:

- **1º pagamento**, como anticipo da axuda, o 80 % da axuda máxima que corresponda á persoa participante, antes de iniciar a estadía e despois da sinatura do convenio de subvención establecido polo programa.
- **2º pagamento**: o resto da axuda será aboado ao fin da estadía, unha vez presentados os documentos xustificativos da viaxe requiridos. O cumprimento das obrigas establecidas no punto 10 será determinante para o pagamento da axuda.

De non cumprir coas obrigas establecidas antes da estadía entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda económica.

5.4 **Apoio á inclusión**: O persoal participante que acredite unha situación legal de discapacidade igual ou superior a un 33 % poderá optar a unha axuda adicional destinada a cubrir os gastos reais da estadía. Unha vez seleccionado/a, a persoa deberá comunicar a súa situación á Oficina de Relacións Internacionais ao enderezo practicas.ori@uvigo.gal no caso de precisar esta axuda adicional.

5.5 Poderá realizarse a actividade **sen dotación económica, bolsa cero**, nos seguintes casos:

- Estar na lista de agarda e expresar o interese por realizar a estadía.
- Calquera outra situación da que o/a participante deberá informar a Oficina de Relacións Internacionais antes de realizar a estadía.

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

No caso de ter realizada a mobilidade con bolsa cero, non poderá concederse axuda económica con carácter retroactivo.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

6.1 **Prazo de presentación de solicitudes:** O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e finalizará cando, de acordo cos períodos de solicitude que a continuación se detallan e en función da dispoñibilidade orzamentaria, foran adxudicadas todas as prazas dispoñibles.

Prazo de presentación da solicitude	Datas de realización da estadía
Do 4 ao 20 de xuño de 2025, ás 23:59 (hora peninsular española)	entre o 1 de setembro e o 19 de decembro de 2025
Do 1 ao 30 de setembro de 2025	Entre o 12 de xaneiro e o 10 de xullo de 2026

6.2 **Formulario de solicitude e documentación:** as persoas interesadas en realizar unha solicitude deberán cubrir o seguinte formulario de solicitude que se atopa no Portal de persoal saínte:

<https://uvigo.moveon4.de/form/626144cfae4dca018b0efa70/glg>

Deberán identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.

No formulario de solicitude deberase engadir a seguinte documentación:

- 1) **Carta de invitación formal** ou copia dunha mensaxe de correo electrónico enviada **desde un correo institucional** que verifique a aprobación da estadía por parte da institución de destino. O documento deberá especificar a modalidade da estadía.
 - a) **No caso da modalidade STA** para docencia a invitación deberá **detallar os días de docencia e o número de horas previsto**.
 - b) **No caso da modalidade STT** para formación a invitación deberá **detallar a actividade formativa por día**. Se a actividade formativa consiste na participación nunha semana internacional, deberá presentarse o programa de actividades detallado.
- 2) **Constancia de ser titor/a Erasmus:** de ser o caso, constancia asinada pola persoa responsable de relacións internacionais do seu centro da condición de titor/a Erasmus estudos.
- 3) **No caso de solicitudes a [terceiros países non asociados ao programa das rexións 1-12](#)** deberá achegarse un escrito asinado pola persoa responsable de relacións internacionais da escola ou facultade motivando o interese do centro no destino solicitado (ver punto 7).

A comunicación entre a ORI e as persoas participantes realizarase sempre a través do enderezo de correo electrónico do dominio @uvigo.

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de cada un dos períodos establecidos, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a resolución coa **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando alegacións mediante a [SXER Instancia xenérica \(PAS/PDI\)](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais, a través da [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola Comisión de Selección de acordo coas seguintes prioridades:

- **Para as mobilidades cara a países asociados ao programa Erasmus+**, incluídos os terceiros países non asociados das rexións 13 e 14 (Andorra, Illas Feroe, Reino Unido, Suíza, Estado Cidade do Vaticano, Mónaco e San Marino):
 - 1º. O persoal que realice unha estada no estranxeiro no marco do programa Erasmus+ por primeira vez.
 - 2º. A/s persoa/s responsable/s de RRIL nos centros da Universidade de Vigo.
 - 3º. O persoal docente que sexa responsable de titorizar estudantado en universidades europeas co programa Erasmus no curso 2024-25 (se coincide o destino de docencia coa súa titoría).
 - 4º. O persoal que imparta docencia en linguas distintas ao español e/ou galego na Universidade de Vigo. Quedan excluídas do seu ámbito de aplicación as materias relacionadas co ensino da lingua estranxeira correspondente
 - 5º. O persoal que imparta materias *English Friendly*.
 - 6º. O persoal que solicite como destino unha das universidades participantes na Universidade Europea ATHENA:
 - Instituto Politécnico do Porto (Portugal)
 - Hellenic Mediterranean University (Grecia)
 - Marie Curie Skłodowska University en Lublin (Polonia)
 - Università degli Studi di Salento (Italia)
 - Univerza v Mariboru (Eslovenia)
 - Université d'Orléans (Francia)
 - Universität Siegen (Alemaña)
 - Vilnius Tech (Lituania)
 - Igor Sikorsky Kyiv Polytechnic Institute (Ucráina)
 - 7º. O persoal que solicite a participación para impartir docencia nun *Blended Intensive Programme* (BIP).
 - 8º. O persoal que solicite unha bolsa para impartir docencia (punto 3.1 desta convocatoria).
 - 9º. O persoal que sexa funcionario de carreira ou contratado laboral fixo.

- **Para as mobilidades cara a terceiros países non asociados ao programa das rexións 1-12:** Financiaranse dúas mobilidades no marco desta convocatoria e só se financiarán estadas ás persoas responsables de RRIL nos centros da Universidade de Vigo ou persoas nas que as persoas responsables de RRIL deleguen. Terán prioridade os centros **que se atopan nun proceso de negociación dun convenio específico para a creación dunha dobre titulación internacional** ([Normativa de recoñecemento mutuo de estudos ao abeiro de programas de intercambio](#)), ou

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

unha conxunta. Terán prioridade os centros que non solicitaron esta modalidade en convocatorias anteriores.

Non se financiarán máis de tres estadias da mesma área (código ISCED) na mesma institución.

Non se financiarán máis de dúas estadias por persoa no marco desta convocatoria.

No caso de non haber crédito suficiente para financiar todas as mobilidades, a segunda opción non será prioritaria. No caso das mobilidades cara a terceiros países non asociados ao programa, de existir dúas solicitudes dun mesmo centro, este deberá indicar a prioridade dunha delas.

A **Comisión de Selección** está composta polo persoal da Oficina de Relacións Internacionais (ORI):

Presidenta: Amelia Rodríguez Piña, directora técnica
Secretaria: Amparo Otero Alonso, xefa de negociado
Vogal: Ana María Pérez López, xefa de área

Efectuada a selección pola Comisión, publicarase resolución coa listaxe provisoria de solicitudes seleccionadas, denegadas coa mención da denegación e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución. As alegacións deberán presentarse a través da [sede electrónica da Universidade de Vigo \(https://sede.uvigo.gal\)](https://sede.uvigo.gal) mediante o procedemento [SXER Instancia xenérica \(PAS/PDI\)](#), e dirixirse á Oficina de Relacións Internacionais.

Revisadas as alegacións pola Comisión, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de **resolución definitiva de solicitudes seleccionadas, denegadas coa mención da denegación e en lista de agarda, se procede**, á vicerreitoría de Internacionalización para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#), no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. ACEPTACIÓN

As persoas seleccionadas deberán aceptar ou renunciar á praza na plataforma MoveON.

As renuncias non xustificadas poderán ser penalizadas en vindeiras convocatorias de mobilidade.

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Entenderase por causa xustificada de renuncia:

- Enfermidade grave.
- Enfermidade ou falecemento dun familiar ata o segundo grao.
- Cumprimento dun deber público.
- Calquera outra causa suficientemente acreditada e xustificada.

As renuncias poderán dar lugar á concesión da axuda á seguinte persoa da lista de agarda.

9. INCOMPATIBILIDADES DAS AXUDAS

A contía percibida non poderá ser utilizada para cubrir gastos similares que se financien con outros fondos da Unión Europea.

Non poderá realizarse a estadía nun país onde está establecida a Universidade de Vigo e no país de residencia da persoa participante.

A persoa participante non poderá realizar máis de dúas estadías no cadro desta convocatoria nin poderá realizarse se se supera o número máximo de seleccionados, tres, na mesma área para o mesmo destino.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación, e con todas as previstas nas bases desta convocatoria.

No caso de obter unha subvención complementaria para a mesma finalidade con posterioridade á solicitude da axuda, as persoas beneficiarias deberán comunicalo por escrito a outgoing.ori@uvigo.gal

➤ ANTES DE INICIAR A ESTADÍA STA/STT:

1. Solicitar o permiso correspondente no departamento ao que pertenza a persoa beneficiaria.
2. Envíar por correo electrónico a practicas.ori@uvigo.gal un mes antes como mínimo antes de iniciar a estadía:
 - Copia da **tarxeta sanitaria europea**.
 - Copia, no caso de estadías en países non asociados ao programa, dun **seguro de asistencia en viaxes** que deberá tramitar e aboar, que cubra o período completo de estadía e os días de viaxe. Deberá incluír gastos médicos e hospitalización, responsabilidade civil e repatriación.
 - Acordo de mobilidade (*Staff Mobility Agreement*). Deberá estar asinado pola institución ou empresa receptora, a persoa beneficiaria e a Universidade de Vigo.
 - Convenio de subvención asinado, documento que lle será remitido pola ORI trala recepción do acordo de mobilidade asinado polas partes.
3. Tramitar e aboar os gastos de visado, se procede.

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

➤ **TRAS FINALIZAR A ESTADÍA STA/STT:**

1. Enviar por correo electrónico a practicas.ori@uvigo.gal a seguinte documentación:
 - Certificado orixinal de realización de estadía asinado pola entidade de acollida con indicación de días de estadía e horas de docencia impartidas ou, de ser o caso, participación na actividade formativa específica en competencias relacionadas con deseño pedagóxico e/ou curricular. A data de firma do documento por parte da universidade receptora non pode ser anterior ao último día xustificado como día de actividade docente.
 - Comprobantes da viaxe a efectos de xustificación dos días percibidos adicionais para viaxe e viaxes ecolóxicas. No caso de ter solicitada a axuda de viaxe ecolóxica, a persoa beneficiaria deberá presentar unha declaración xurada de ter realizada unha viaxe ecolóxica que deberá presentar na ORI acompañada dos xustificantes.
2. Cumprimentar e enviar a enquisa UE (*EU Survey*) en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción da invitación para cumprimentalo. A Universidade de Vigo poderá requirir o reembolso parcial ou total da axuda financeira recibida aos participantes que non cumprimenten e envíen a enquisa UE en liña.

11. REVISIÓN E REINTEGRO

Son causas de reintegro:

- Non realizar a actividade prevista.
- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#).

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.

